

ORZAMENTO CIDADÁN 2025



XUNTA
DE GALICIA





Alfonso Rueda Valenzuela

PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA

UNS ORZAMENTOS PARA QUE GALICIA AVANCE

Un goberno é útil cando serve aos cidadáns. Un goberno está na liña correcta cando escoita á xente. Un goberno fai o seu traballo cando axuda ás persoas para vivir a súa vida da mellor maneira posible.

E os orzamentos, aínda que haxa Administracións que queiran restarlles importancia, son a ferramenta imprescindible para que todo iso poida levarse a cabo. Porque é a base de todo goberno que queira ter estabilidade. É o que lle permite á Administración ser eficaz, planificando e controlando os gastos que sexa necesario facer. O que dá confianza aos investidores para que veñan á túa terra. E é o que asegura a transparencia e a honestidade dos que gobernan.

Por iso, un ano máis presentamos o Orzamento cidadán. Para que todos os galegos poidades ver a que van destinados os recursos públicos. E así poidades comprobar que a prioridade deste goberno autonómico sempre vai ser o que sexa mellor para os seus cidadáns.

Galicia avanza. Vaino seguir facendo un ano máis. E así seguirá mentres teñamos o foco posto nas persoas, en cada un dos que formamos parte desta comunidade. Ese será sempre o mellor investimento posible.





Miguel Corgos López-Prado

CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

UN ORZAMENTO PARA A CIDADANÍA

A Consellería de Facenda e Administración Pública é o departamento da Xunta encargado de elaborar o anteproxecto de Orzamento da comunidade autónoma. Garantimos que cada euro conte, que se destine a cumprir co seu fin e que poida mellorar o benestar dos galegos e das galegas.

Somos transparentes e compartimos o que facemos. Publicamos a estratexia financeira anual coa que fixamos o teito de gasto; damos conta dos Orzamentos presentados e aprobados, así como dos estados financeiros de execución trimestrais e anuais.

Queremos brindar información económica e financeira de primeiro nivel e presentala de xeito comprensible de tal maneira que axude a entender como traballamos para acadar os nosos obxectivos de país e para fomentar a participación e o debate público arredor das contas e as políticas autonómicas.

O Orzamento cidadán que aquí se presenta é o primeiro paso deste asesoramento: explica como se elabora o plan económico anual da Xunta de Galicia e cal é o seu contido, e ademais amosa a nosa ollada sobre a situación económica e a descrición xeral das finanzas autonómicas, tanto na vertente do gasto —explicando en que gastamos e investimos e para que— como na do ingreso —como financiamos eses gastos cos impostos que paga a cidadanía galega—.

Compartindo o que facemos, entre todos creamos unha sociedade máis madura e informada. Porque Galicia conta.

CONTIDOS

01

O ORZAMENTO

- Que é un orzamento?
- Por que é importante?
- Como se fai?
- As regras fiscais europeas
- O proceso de elaboración do orzamento

Páx. 8

02

O MARCO ECONÓMICO DO ORZAMENTO

- Por que é importante?
- Principais magnitudes
 - PIB
 - Mercado de traballo
 - IPC

Páx. 16

03

INGRESOS ORZAMENTARIOS

- Ingresos tributarios
- Rebaixas fiscais
- Fondos de Nivelación do Sistema de Financiamento Autonómico
 - O Sistema de Financiamento Autonómico
- Que é un sistema de cupo
 - Interésalle a Galicia o sistema de cupo?
- Fondos Europeos
- Fondos finalistas da Administración Central

Páx. 22

04 GASTOS ORZAMENTARIOS

- Prioridades de gasto do orzamento 2025
- Quen gasta?
- En que se gasta?
- Orzamento territorializado

Páx. 38

05 SALDO FISCAL E ENDEBEDAMENTO

- Liquidación de orzamento
- Endebedamento

Páx. 58

06 PEG 2030

- Plan Estratégico de Galicia - PEG 2030
- Metas do PEG 2030
- O orzamento en clave de PEG

Páx. 64

07 DOCUMENTACIÓN E DATOS DO DESEMPEÑO FINANCEIRO E FISCAL

Páx. 70

1.

O ORZAMENTO

QUE É UN ORZAMENTO?

O orzamento é unha ferramenta que permite planificar e xestionar as actuacións precisas para acadar os obxectivos establecidos pola Xunta de Galicia.

Elabórase cada ano e toma a forma de Lei. Nel establécese o marco financeiro da comunidade autónoma de Galicia para cada ano, que se debate e aproba polo Parlamento de Galicia.

Inclúe unha previsión dos **ingresos** a recadar (impostos, transferencias do Estado, Fondos Europeos...) e o límite dos **gastos** (servizos públicos, investimentos...) a realizar pola

Xunta de Galicia nese ano.

Establece as **prioridades** do goberno para dar resposta **ás necesidades da cidadanía** en áreas como a saúde, a educación, as infraestruturas ou o desenvolvemento económico para o seguinte ano.

Enmárcase dentro dunha **planificación estratéxica** a medio prazo. En Galicia, esa planificación está reflectida no **Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030** (PEG 2030) que establece as metas e obxectivos da vindeira década e das liñas de actuación para acadalos.



O orzamento de 2025 recolle unha cifra de gasto total de 13.954 M€



POR QUE É IMPORTANTE?

- Porque permite **xestionar os recursos de forma eficiente**, garantindo a existencia de fondos para os servizos públicos esenciais e logrando os obxectivos establecidos.
- Porque axuda a garantir a **transparencia** das decisións financeiras adoptadas e que o goberno sexa **responsable** de como se gastan os recursos públicos.
- Porque é a concreción do plan económico da Xunta de Galicia, no que se establecen as **prioridades e políticas que vai poñer en marcha o goberno**, así como as que vai financiar.
- Porque permite apreciar como as contas públicas respectan os límites de gasto garantindo a sostibilidade dos servizos públicos autonómicos.
- Porque a aprobación do orzamento clarexa expectativas e **xera confianza nos investidores e na poboación**, o que ten un impacto positivo na economía en xeral.

EN GALICIA FACEMOS AS
CONTAS CON SENTIDIÑO

COMO SE FAI?

O proceso comeza coa **análise do contexto económico**, que permite establecer previsións para cada ano sobre as variables económicas máis relevantes. (Cadro macroeconómico).

Esas variables económicas serven para determinar a **previsión dos ingresos a dispor** para financiar as **políticas e as necesidades de gasto**. A suma dos recursos esperados, xunto


coa capacidade de endebedamento, establecen o nivel de gasto máximo que se pode acadar. É o **teito de gasto**, que debe ser compatible co aumento máximo de gasto autorizado polas regras fiscais europeas. Para máis información, ver [aquí](#).

Para o 2025, o teito de gasto ascende a 13.954 M€.

Evolución do teito de gasto con fondos Next Generation

Expresado en M€

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública



No 2025 contaremos coa maior capacidade de gasto da nosa historia

Máis información en:

<https://orzamentos.xunta.gal/documents/21025224/21025362/Teito-de-gasto-2025.pdf/c51cc6b6-be72-4ccb-954e-a0491100e643>

Posteriormente, atendendo ao contexto económico do momento, **determinanse as prioridades das políticas de gasto**, que deben estar aliñadas coa planificación estratéxica a medio e longo prazo.

No orzamento de 2025 **esgotamos o teito de gasto**, polo que contaremos coa maior capacidade de gasto da nosa historia.




Condición 1: Orzamento en equilibrio



(1) **Axustes de contabilidade nacional:** Axustes debidos aos diferentes criterios de contabilización entre o rexistro dos ingresos e gastos orzamentarios e contabilidade nacional, como por exemplo, a aplicación do criterio de devengo.

Condición 2: Crecemento dos recursos primarios netos de acordo á taxa de referencia (3,2%) límite de gasto




AS REGRAS FISCAIS EUROPEAS

No marco do Pacto de Estabilidade e Crecemento, os países da UE acordaron unhas novas regras fiscais despois de que estas estiveran suspensas por mor da Covid. Estas regras intentan garantir unhas finanzas públicas saneadas que possibiliten a estabilidade económica, impulsar o crecemento e acadar uns niveis de emprego máis elevados.

España presentou o seu plan a **medio prazo** onde se describen os obxectivos de gasto e os investimentos e reformas a desenvolver.

O sistema inclúe unha conta de control que permite desviacións temporais ao longo da senda de axuste (2024-2030) en casos xustificados.

Novas regras fiscais europeas



O PROCESO DE ELABORACIÓN DO ORZAMENTO

O goberno presenta o orzamento do ano seguinte no Parlamento no mes de outubro para a súa aprobación antes de que remate o ano e que entre en vigor o 1 de xaneiro.

PERO ANTES E DESPOIS, HAI MOITO TRABALLO!

MAIO

- No mes de **maio** a Consellería de Facenda e Administración Pública comeza coa elaboración das previsións económicas do ano seguinte e a aprobación da Orde de elaboración dos Orzamentos cos criterios de orzamentación priorizados.

Mais información aquí

XULLO

- No mes de **xullo** apróbase no Consello da Xunta e no Parlamento o teito de gasto en base ao informe de estratexia financeiro-fiscal da Xunta.

Mais información aquí

SETEMBRO

- No mes de **setembro** a Comisión de políticas de gasto pecha a súa proposta de asignación de recursos para cada Consellería, que os programa nos diferentes proxectos de gasto.

Neste mesmo mes, réndese contas do orzamento do exercicio anterior.

OUTUBRO

- No mes de **outubro** o Consello da Xunta aproba o Proxecto de Lei de orzamentos e o presenta ao Parlamento **antes do día 20**.

Mais información aquí

NOVEMBRO E DECEMBRO

- Nos meses de **novembro e decembro** débátese a enmenda cos grupos do Parlamento, que aproban o orzamento e publícase no DOG para que entre en vigor o 1 de xaneiro.


Mais información aquí

E VOLTA A EMPEZAR!



O ciclo orzamentario

Alén do proceso de elaboración e aprobación, realízase a execución e control de gasto e a rendición de contas



2.

O MARÇO
ECONÓMICO DO
ORZAMENTO

POR QUE É IMPORTANTE?

É fundamental, por ser a base para un deseño orzamentario realista, sostible e adaptado ás necesidades de Galicia, garantindo o uso eficiente dos recursos públicos e o cumprimento dos obxectivos establecidos. Permite:

- **Prever os ingresos:** Permite estimar os recursos dispoñibles mediante indicadores como o PIB, o emprego ou a inflación, e avaliar o esforzo fiscal necesario.
- **Priorizar o gasto público:** Identifica áreas estratéxicas e as actuacións precisas en cada intre, asegurando unha asignación eficiente dos recursos.
- **Garantir a estabilidade orzamentaria:** Controla o déficit e a

débeda, adaptándose ás normativas estatais e europeas.

- **Adaptarse aos ciclos económicos:** Axusta as políticas orzamentarias ao contexto económico, favorecendo medidas expansivas ou de aforro cando sexa necesario.


- **Incrementar a transparencia:** Basea as decisións en análises técnicas, fortalecendo a credibilidade das contas públicas.



PIB (2023)
77.195 M€



**Poboación ocupada
(4T 2024)**
1.153.300



**Taxa de paro
(4T 2024)**
8,7%

Fonte: IGE



Poboación >64 (2024)
719.891



Extensión
29.576,7 km²



Poboación (2024)
2.705.833

PRINCIPAIS MAGNITUDES

PIB

O **PIB** é o valor de mercado de todos os bens e servizos finais producidos en Galicia nun ano, e é o indicador que se emprega para coñecer a riqueza que xeramos na Comunidade Autónoma cada ano.

En 2024 o **PIB nominal** de Galicia ascendeu a 81.564 M€, 4.369 M€ máis que no ano 2023. No que vai de século, Galicia duplicou o seu PIB.


O **PIB real** de Galicia medrou un 2,8% no 2024 continuando coa senda de crecemento posterior á crise da Covid, e situando o valor do PIB de Galicia un 9% por riba do que tiñamos no ano 2019.

PIB NOMINAL E REAL

O **PIB nominal** é o valor de todos os bens e servizos producidos nun país nun ano, medido a prezos correntes.

O **PIB real**, en cambio, mide todo o que se produce, pero medido a prezos constantes.

Converxencia PIB per cápita Galicia vs España



O obxectivo é alcanzar no 2030 a converxencia con España

Se dividimos o PIB entre o número de habitantes de Galicia, obtemos o **PIB per cápita**, que permite medir a riqueza xerada por cada galego/a. Esta é a magnitude que se emprega para comparar territorios de distinto tamaño. Os últimos datos publicados (2023), indican que o PIB per cápita galego é de **28.644€**, o 93% da media de España.

Desde 2009 somos a Comunidade na que máis medrou o PIB per cápita, e achéganos á converxencia con España. **O obxectivo é alcanzar no 2030 a plena converxencia.**

No que vai de século Galicia duplicou o seu PIB


MERCADO DE TRABALLO

A **poboación activa** é a poboación de 16 ou máis anos que traballa (poboación ocupada) ou que está buscando activamente un traballo (poboación parada).

- A poboación activa en Galicia no cuarto trimestre de 2024 situouse en 1.262.700 persoas, o que representa **un aumento respecto ao ano anterior do 1%**.


- A **taxa de actividade**, entendida como persoas activas sobre o total, para o grupo de entre 16 e 65 anos, alcanza en Galicia o 74,16%, cifra similar á media de España, que é do 75,56%.

A **poboación ocupada** en Galicia alcanzou 1.153.300 persoas (4T2024), achegándose ás cifras máximas históricas. No último ano son 17.400 persoas máis que teñen ocupación, e delas 10.900 son mulleres. Se analizamos por sectores, destaca o crecemento do emprego no sector industrial, cun aumento do 9%.



Persoas ocupadas en Galicia (miles)

Fonte: IGE




A taxa de paro no cuarto trimestre de 2024 foi do 8,67%, case 2 puntos menor que a de España, e vén rexistrando continuas baixadas, o que permitiu que fronte ás 263.800 persoas paradas no cuarto trimestre de 2014, agora só se atopen 109.400 en situación de desemprego no mesmo trimestre de 2024.

A taxa de paro en Galicia descendeu ata o 8,67%, unha diminución fronte ao 9,19% rexistrado en 2023. Esta porcentaxe é inferior á media nacional do 10,61%


Evolución taxa de paro

Fonte: INE e IGE




Persoas paradas en Galicia (miles)

Fonte: INE e IGE



Evolución IPC Galicia vs España 2022-2024

Fonte: INE e IGE



IPC

O IPC é un indicador que mide a evolución promedio do prezo dun conxunto de bens e servizos representativos do consumo dos fogares.

Dende o ano 2021, e derivado dos efectos da volta á normalidade de maneira acelerada despois da pandemia mundial, deuse un proceso inflacionario en todos os países, que se agravou en Europa pola invasión de Ucraína e o aumento dos prezos enerxéticos e materias primas.

No ano 2024 conseguiuase baixar a evolución da inflación ata o 2,7%, tras dous anos de fortes aumentos. A previsión para o 2025 é a volta á estabilidade en termos de media anual.

A análise desta magnitude garante que os orzamentos se adapten á realidade económica, permitindo:

- **Prever os ingresos fiscais**, calculando o impacto da inflación nos impostos, como o IVE, ou as necesidades de deflactar os impostos directos, como o IRPF, para que non se paguen máis impostos pola mesma renda a dispor, tal e como fixo a Xunta no seu tramo do IRPF no 2023.
- **Axustar os gastos públicos**, actualizando salarios, pensións, prestacións e prezos de contratacións.
- **Planificar** medidas para axudar aos colectivos máis afectados pola suba dos prezos.
- **Calcular os custos reais** dos servizos e investimentos públicos.




3.

OS INGRESOS
ORZAMENTARIOS


OS INGRESOS ORZAMENTARIOS

Os ingresos non financeiros, que son os ingresos da Comunidade sen as operacións financeiras (ventas de activos, reintegros de préstamos...), crecen no 2025 un 2,5%, ata os 14.024,5 M€, a cifra máis alta da historia.

Ingresos




Estes ingresos veñen de distintas fontes:



INGRESOS TRIBUTARIOS (8.039 M€)


QUE IMPOSTOS PAGAN OS GALEGOS?



Distribución do Ingreso

Expresado en M€

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública



Dentro destes impostos:

- Unha parte (IRPF, IVE, Impuestos Especiais) é recadada polo Goberno central, que a transfire despois á Comunidade Autónoma.


- Outra parte (ITP-AXD, IP, ISD) son tributos dos que a Xunta de Galicia ten **cedida** a súa xestión e recadación.

- Finalmente, isto complétase cun conxunto de impostos de carácter autonómico (impostos medioambientais).



Evolución da recadación de tributos en relación ao PIB

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública



Entre 2010 e 2023 o peso dos ingresos por tributos sobre o PIB presenta unha estabilidade na contorna do 9%, excepto nos anos da pandemia nos que, debido ao afundimento do PIB, esta porcentaxe aumentou en dous puntos ata o 11%.

QUEN PAGA?

Tal e como establece a Constitución Española, o sistema tributario **no seu conxunto** debe ser **progresivo** de tal xeito que o que máis ten debe achegar máis recursos para financiar os servizos públicos. Isto non implica que todos os tributos sexan progresivos, senón que a

globalidade do sistema o é.

Un exemplo de imposto progresivo é o imposto de **IRPF**. Na liquidación de 2022, o 60% dos declarantes que menos ingresos presentaron, (de ata 20.000 €), supuxeron o 11% da recadación autonómica total.

LIQUIDACIÓN IRPF 2022				
TRAMOS DE IRPF	NUM.DECLARANTES	%	COTA LÍQUIDA AUTONÓMICA	%
20.000	851.760	60%	303.662.928	11,3%
ATA 40.000	445.990	31%	1.102.531.019	41,1%
ATA 60.000	85.027	6%	502.950.291	18,7%
>60.000	41.135	3%	777.355.056	28,9%
TOTAL	1.423.912	100%	2.686.499.294	100%

O **Imposto de Sucesións** págano os cidadáns cando reciben unha herdanza ou doazón.

- En Galicia eliminamos a tributación para o **99,9%** das herdanzas entra familiares directos e máis de 940.000 galegos se teñen beneficiado desta medida desde 2016.

O Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados (**ITP-AXD**) págase polas transmisións de bens de

segunda man como inmobles, mobles e outras operacións económicas, por exemplo, cando compras unha vivenda ou un vehículo a un particular.

Galicia foi pioneira no establecemento de **impostos medioambientais**, pagados por empresas e industrias para paliar o impacto medioambiental das súas actividades: imposto sobre a contaminación atmosférica, o canon eólico, o imposto ambiental mineiro, etc.

Na liquidación do IRPF de 2022, o 60% dos declarantes presentan ingresos de ata 20.000€ e achegan o 11% dos ingresos

REBAIXAS FISCAIS

Os impostos que pagan os galegos destínanse a atender as necesidades da Comunidade Autónoma, dándolle prioridade ao funcionamento dos servizos públicos, e só cando é posible, a reducir a carga fiscal.

Aproveitamos a nosa autonomía fiscal para tomar as decisións máis favorables para as galegas e os galegos e sempre facendo compatible a rebaixa da presión fiscal co reforzo

dos servizos públicos (sanidade, educación e políticas sociais).

Este modelo permite que Galicia sexa un territorio fiscalmente competitivo.

As rebaixas fiscais están especialmente dirixidas a un conxunto de colectivos prioritarios: as rendas medias e baixas, os menores de 36 anos, as familias numerosas e os colectivos vulnerables.

As rebaixas fiscais implementadas ata o momento aforraron 1.300 M€ aos galegos e galegas en máis de 2,3 millóns de operacións

PRINCIPAIS REBAIXAS FISCAIS APROBADAS NAS ANTERIORES LEXISLATURAS

IRPF

- 4 rebaixas do tramo autonómico desde o ano 2014 para que, de media, un contribuínte galego pague no IRPF case 500€ menos que no 2009.

500€ MENOS QUE NO ANO 2009

- Equiparación das familias de 2 fillos ás familias numerosas, que lles permite deducir 250€/ano. A esta contía súmanse 250€ máis por cada fillo ou filla a maiores.

IMPOSTO DE TRANSMISIÓNS PATRIMONIAIS

- Rebaixa de 2 puntos do tipo xeral, ata o 8% para a adquisición dunha vivenda de segunda man.

REBAIXA ATA 8% PARA VIVENDA 2ª MAN

- Tipos reducidos (desde o 7% ata o 0%) para adquisición de vivenda para colectivos prioritarios.
- Rebaixa ao 3% á compra de vehículos de segunda man.

IMPOSTO DE SUCESIÓN E DOAZÓN

- Herdanzas de ata 1 M€ entre familiares directos libres de impostos.

LIBRES DE IMPOSTOS

IMPOSTOS CERO NO RURAL

- Iniciativa pioneira que elimina os impostos autonómicos para favorecer a fixación de poboación e a posta en marcha de novas iniciativas empresariais no rural.

INICIATIVAS EMPRESARIAIS NO RURAL

NOVAS REBAIXAS FISCAIS NO ORZAMENTO 2025

Melloramos o tratamento no **imposto de sucesións** aos familiares do Grupo III (irmáns, tíos, sobriños, sogros, cuñados, xenros e noras) que **non pagarán nada polos primeiros 25.000€** que herden.

Incluímos un paquete de medidas para favorecer o **acceso á vivenda** tanto en compra como en aluguer:

Para favorecer a compra:

- Reducimos o Imposto de Transmisións Patrimoniais (ITP) para mercar locais comerciais que se destinen a vivenda. Ata agora, todos pagaban o tipo xeral do 8%, agora farano entre o 7% e o 0%.
- Bonificamos o 75% de Actos Xurídicos Documentados (AXD) para adquirir, construír e rehabilitar edificios de vivendas destinadas ao aluguer.
- E ampliamos a exención destes tributos (AXD-ITP) para as operacións de vivenda protexida realizadas polo IGVS e as sociedades públicas autonómicas, para rebaixar o custo de promover vivenda pública.

Para dinamizar o mercado de aluguer:

- Unha dedución no IRPF do 15% dos gastos de reparación e conservación para adecuar un inmovble baleiro que se poña en aluguer, por un importe máximo de 3.000€ ao ano, durante tres exercicios (total 9.000€).
- E unha dedución, tamén no IRPF, de 500 euros polo arrendamento de vivendas baleiras no primeiro ano que o inmovble se alugue.



FONDOS DE NIVELACIÓN DO SISTEMA DE FINANCIAMENTO AUTONÓMICO (3.624 M€)

QUE É O SISTEMA DE FINANCIAMENTO AUTONÓMICO?

O actual sistema de financiamento autonómico (SFA), que é común para todas as comunidades de España (agás País Vasco e Navarra que teñen un modelo diferente recollido na

Constitución Española), é a principal fonte de ingresos das autonomías. Está en vigor desde o ano 2009 e, neste momento, está pendente de revisión e actualización.



COMO FUNCIONA?

Os ingresos que chega cada ano o SFA a Galicia proveñen principalmente dunha porcentaxe da recadación de certos impostos que pagan os galegos (50% do IRPF, 50% do IVE e 58% dos Impostos Especiais). O Goberno central recada estes impostos e logo transfere ao Goberno autonómico a porcentaxe correspondente.

Como a capacidade recadatoria non é a mesma en todas as CC.AA., existen uns **fondos de nivelación** para garantir que cada CC.AA. reciba un financiamento equivalente por habitante axustado, con independencia da súa capacidade de recadación tributaria.

- O habitante axustado é a variable de reparto para garantir ese financiamento equivalente. Pondera a poboación con factores de custo na prestación dos servizos, como o avellentamento, a dispersión, a superficie ou a insularidade.

OS PAGOS DO SFA TEÑEN DOUS COMPOÑENTES PRINCIPAIS:


- **Os pagos a conta:** representan o 98% da estimación que fai o Ministerio de Hacienda da recadación para 2025 dos impostos cedidos e dos fondos de nivelación. O Goberno central transfere esta cantidade no ano en curso.
- **E a liquidación definitiva de dous anos antes** (neste caso 2023). É o resultado de comparar os pagos a conta estimados que se transferiron en 2023 e a recadación definitiva dese exercicio. Pode ser positiva ou negativa en función do acertado das previsións.

O importe consignado nos orzamentos de 2025 ascende a **10.857 M€**. Deste importe, 10.262 M€ son as entregas a conta e 680 M€ a liquidación do ano 2023. A diferenza, -85 M€, corresponde ao pago das liquidacións negativas dos anos 2009 e 2010.

Galicia representa o **5,56%** da poboación das CC.AA. de réxime xeral e o **6,52%** da poboación axustada

Evolución dos ingresos do SFA

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública



* Neses anos a estimación incorrecta dos recursos ocasionou que todas as Comunidades Autónomas tivesen que devolver cartos ao Goberno Central. No caso de Galicia, eses importes ascenderon a un total de 2.100 M€. No 2014 o Goberno Central e as Comunidades Autónomas acordaron o adiamento destas cantidades en 240 mensualidades, ata 2031.



COMO SE REPARTE?

En función da **poboación axustada**, é dicir, partindo da poboación real (a inscrita no Padrón), introdúcese unha serie de factores demográficos e xeográficos que inflúen no custo de prestar os servizos públicos nunha determinada comunidade autónoma.

Por exemplo, como norma, unha persoa maior de 65 anos vai demandar máis asistencia sanitaria que un mozo; ou levar ao colexio aos nenos e nenas en zonas rurais vai custar máis que facelo nunha cidade porque hai que recorrer maiores distancias

e financiar clases con menos alumnos.

O obxectivo do sistema é contar con recursos suficientes para que todos os habitantes reciban un servizo equivalente con independencia de onde vivan.

Por iso, cando se revise o modelo, Galicia necesitará que se ponderen mellor o impacto nos custos da dispersión xeográfica (temos a metade de núcleos de poboación de España) e do avellentamento (Galicia ten unha porcentaxe superior á media de maiores de 65 anos).


CANTOS RECURSOS ACHEGAN?

Nun ano ordinario o SFA chega en torno ao 80% dos ingresos totais da Comunidade Autónoma de Galicia. Para 2025 a cifra prevista é de **10.857 M€**, un 77,4% do total dos recursos estimados.



Peso dos ingresos do SFA sobre os ingresos totais da Xunta

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública



QUE É UN SISTEMA DE CUPO?

No relativo ao sistema de financiamento existen dúas posibilidades:

- Un sistema no que as CC.AA. recadan todos os tributos e posteriormente destinan unha parte para sufragar os gastos comúns da Administración Central.

É o sistema de cupo.


- Un sistema no que os tributos de todas as CC.AA. ingrésanse nunha cesta común e que se reparten en base ás necesidades de gasto de cada unha delas.

É o sistema de reparto.

Galicia aposta por este sistema que é o que garante un reparto equitativo dos recursos en todos os territorios en función das súas necesidades, con independencia da súa capacidade recadatoria.

INTERÉSALLE A GALICIA O SISTEMA DE CUPO?

De acordo cos últimos datos de contas públicas territorializadas publicadas polo Ministerio de Hacienda, en Galicia recadóronse preto de 10.900 M€ entre todos os impostos (IS, IVE, IRPF,...). Este importe distribúese entre os distintos niveis da Administración da seguinte maneira:



Se a CC.AA. recadase e xestionase o 100% dos impostos, tería que facer fronte á parte dos gastos que sufraga o Goberno Central e que corresponden á Comunidade Autónoma (policía, xuros de débeda, financiamento Seguridade Social, infraestruturas...).

De acordo aos datos do Ministerio, os gastos asumidos polo Estado e territorializados en Galicia ascenden a 6.150 M€:



DEFENSA	469 M€
INFRAESTRUTURAS	716,6 M€
XUSTIZA, PRISIÓNS E SEGURIDADE	666,7 M€
AGRICULTURA, GANDERÍA, PESCA, INDUSTRIA, ENERXÍA	565,2 M€
XUROS	2.215,2 M€
RESTOS	1.517,6 M€
TOTAL	6.150,4 M€



O gasto que teríamos que asumir roldaría os 6.000 M€ mentres que os recursos adicionais que obteríamos sería de algo máis de 2.200 M€. Isto deixaría un desequilibrio de preto de 4.000 M€ ao ano... mal negocio.

Ademáis, se temos en consideración a diferenza entre as cotizacións sociais abonadas en Galicia (6.538 M€) e as prestacións sociais recibidas (11.294 M€) aumentaría o desequilibrio noutros 4.756 M€.

FONDOS EUROPEOS (1.230 M€)

Gran parte do desenvolvemento que experimentou Galicia nos últimos 40 anos vai ligado aos Fondos Europeos que recibiu a comunidade autónoma. Desde 1986

ata 2027 Galicia percibirá en global máis de 32.000 M€ de axudas comunitarias, e preto do 50% destes fondos son xestionados pola Xunta de Galicia.



FEDER (226 M€) Fondo destinado a reducir as disparidades económicas e sociais entre as rexións da UE mediante proxectos rexionais.

FSE+ (104 M€) Fondo que apoia a inclusión social e a mellora do emprego mediante programas educativos, laborais e sociais.

FEADER (247 M€) Fondo para financiar o desenvolvemento rural, apoiar a agricultura e mellorar a sostibilidade do medio rural.

FEMPA (104 M€) Fondo para apoiar a pesca sostible, a economía marítima e as comunidades costeiras.

FTX (55 M€) Fondo para apoiar as rexións afectadas pola transición cara a neutralidade climática.

Outros fondos (5 M€).

A Xunta de Galicia xestionará 1.500 M€ do actual marco financeiro plurianual da UE, que poderán executarse ata o 2029

No pasado marco financeiro plurianual da UE a Xunta de Galicia executou a totalidade dos fondos asignados, 1.300 M€, entre 2014 e 2023

MECANISMO DE RECUPERACIÓN E RESILIENCIA

O 2025 será o último ano completo de axudas do MRR, instrumento que concede subvencións e préstamos en apoio das reformas e os investimentos nos Estados membros da UE, para lograr unha recuperación sustentable e resiliente, crear emprego e estimular o crecemento, á vez que se promoven as prioridades ecolóxicas e dixitais da UE.

Os recursos asignados á Xunta de Galicia polo Goberno Central ascenden a 1.545 M€, o 5,8% dos fondos destinados ás CC.AA., que deberán estar executados antes de rematar o 2026.


Os orzamentos de 2025 recollen 489 M€ deste mecanismo para financiar proxectos que se desenvolverán durante os vindeiros meses.

O destino ao que se dedican estes fondos **vén establecido polo Goberno Central**, polo que a Xunta non ten capacidade de decisión sobre o emprego destas partidas.




Execución dos fondos MRR

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública



FONDOS FINALISTAS DA ADMINISTRACIÓN CENTRAL (909 M€)



Son recursos incluídos nos Presupostos Xerais do Estado (distintos do SFA) que se distribúen entre todas as CC.AA. en conferencia sectorial cun destino determinado polo Ministerio que os asigna.

Estas transferencias teñen como destino financiar actividades ou materias respecto das cales as Comunidades Autónomas teñen


a competencia asumida, polo que corresponde a estas a súa administración e xestión. As máis importantes corresponden ao financiamento da dependencia, das políticas de traballo e da sanidade.

O seu importe total no Orzamento para 2025 é de 909 M€, un 1,9% máis que no 2024, que se desglosan da seguinte maneira:

As transferencias máis importantes corresponden ao financiamento da dependencia, das políticas de traballo e da sanidade

Fondos Finalistas da Administración Central (M€)

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública



- Políticas activas de formación e emprego
- Dependencia
- Asistencia sanitaria
- Servizos sociais
- Desenvolvemento rural e Política agraria común
- Fondo Compensación Interterritorial
- Vivenda
- Educación
- Resto fondos finalistas


En relación co **financiamento da dependencia**, o compromiso do Goberno Central é asumir o 50% do seu custo. Se analizamos o gasto

en dependencia desde o 2009, podemos ver que a aportación media do Estado é do 30%:

Este déficit no financiamento supón 1.200 M€ menos en 16 anos

Gasto en dependencia

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública



4.

OS GASTOS

PRIORIDADES DE GASTO NOS ORZAMENTOS 2025

1. Dedicamos máis de 10.000 M€ a reforzar e ampliar os **servizos públicos** autonómicos:

- En 2025 seguimos avanzando para ter o **calendario de vacinación infantil máis completo do mundo**, incluíndo 3 novas probas no cribado neonatal para a identificación temperá de ata 37 doenzas conxénitas.
- Galicia foi a primeira Comunidade Autónoma na que as **garderías foron gratuítas**, favorecendo a conciliación das familias.
- É o segundo ano no que a **matrícula universitaria** é gratuíta. Galicia é a única comunidade autónoma na que toda a etapa formativa é de balde.
- Somos un referente no eido social, aumentando os recursos para o **coidado de persoas dependentes e maiores**, cun orzamento de 1.100 M€, un 10% máis que no ano anterior.

2. Os orzamentos de 2025 sentan as bases para acadar o obxectivo de legislatura de **duplicar o parque de vivenda de promoción pública** ata as 8.000 vivendas. Para iso triplicamos o orzamento ata os 126 M€.

3. Reforzamos o **investimento produtivo** ata os **1.556 M€** para apoiar o desenvolvemento de proxectos transformadores para avanzar na transición verde e dixital, así como impulsar a competitividade do tecido produtivo galego.

4. Fomentamos o **investimento en I+D+i** para reforzar o modelo de crecemento baseado no coñecemento que deseña o PEG 2030. Para iso, consignamos **372 M€** para o 2025.

5. Este ano comezaremos coa dotación para o desenvolvemento efectivo da **Lei de Ordenación e Xestión do Litoral**.

6. Melloramos as achegas incondicionadas para os **concellos** a través do Fondo de Cooperación Local, que medra 10 M€ ata os **168 M€**, un 6,3% máis que no 2024, axuda á que se engade unha achega a SOGAMA para abaratar o custo do tratamento de lixos e que non se repercuta ás Administracións locais e á veciñanza.



7. Avanzamos nas **rebaixas tributarias**, cunha exención no imposto de **sucesións e doazóns** para que as herdanzas de ata 25.000€ entre parentes colaterais non tributen ou minoren a tributación ata esa contía de base.

8. Aprobamos un paquete de **medidas fiscais** que complementan os investimentos en vivenda, co obxectivo de abaratar a construción de vivenda pública, **incentivar** a compra e rehabilitación de vivendas e dinamizar o mercado de vivenda, fomentando a posta en aluguer de pisos baleiros de pequenos propietarios.

QUEN GASTA

A clasificación orgánica ten en conta cal é a Consellería que realiza os gastos. A distribución orgánica do orzamento consolidado no 2025 é a seguinte:

Clasificación orgánica 2025	M€	Peso
ÓRGANOS SUPERIORES DEPENDENTES DA PRESIDENCIA	168,1	1,2%
PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	589,5	4,2%
MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO	186,2	1,3%
EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL	3.041,2	21,8%
POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE	1.323,6	9,5%
ECONOMÍA E INDUSTRIA	374,4	2,7%
FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	257,1	1,8%
VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS	513,1	3,7%
SANIDADE	5.457,6	39,1%
CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE	146,6	1,1%
EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN	497,5	3,6%
MEDIO RURAL	701,2	5,0%
MAR	220,8	1,6%
TOTAL GASTOS NON FINANCEIROS CONSELLERÍAS	13.476,9 M€	96,6%
RESTO DE SECCIÓNS E ÓRGANOS ESTATUTARIOS	477,0 M€	3,4%
TOTAL GASTOS NON FINANCEIROS	13.953,9 M€	100%

EN QUE SE GASTA?

A clasificación funcional categoriza o gasto público segundo os obxectivos ou finalidades ás que se destinan, poñendo o foco no propósito das actividades financiadas.

Sanidade
5.434 M€

Educación
2.972 M€

Sectores productivos
1.556 M€

Política Social
1.415 M€

**Infraestructuras,
Vivenda e
Mobilidade**
672 M€

**Emprego e
Emigración**
470 M€

Xuros
214 M€

**Medio Ambiente
e cambio
climático**
520 M€

**Entidades
Locais**
194 M€

**Cultura,
Deportes,
Língua e
Xuventude**
188 M€

Xustiza
193 M€

Resto
126 M€

SANIDADE (5.434 M€)


Os preto de 5.500 M€ destinados a Sanidade dedícanse a financiar o funcionamento de:

- Os 18 complexos hospitalarios que ten Galicia.
- Os 462 centros de saúde e os 399 centros de atención primaria.
- Os máis de 43.700 profesionais que traballan no eido sanitario.



Preto do 95% do orzamento de Sanidade está destinado á **atención hospitalaria** (3.480 M€) e á **atención primaria** (1.668 M€).

No que respecta á atención primaria, está integrado por:

- O financiamento das receitas médicas.
 - O financiamento dos centros de saúde e de atención primaria.
- A Xunta de Galicia aumenta ano a ano o esforzo dedicado a isto.




Gasto en farmacia derivado da receita médica por concello




En Galicia hai máis de 2,6 millóns de tarxetas sanitarias emitidas, das que o 42% se concentran nas áreas sanitarias de Coruña-Cee e Vigo

Evolución do gasto executado en atención primaria 2014-2024

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública



Entre 2014 e 2024 o incremento do gasto executado destinado aos centros de saúde supera o 59%



Principais novidades 2025

- **+ 1.400 novos profesionais.**
- **Avances no Plan de Infraestruturas Sanitarias:**
 - Entrada en funcionamento do Hospital Montecelo (Pontevedra).
 - Obras nos hospitais de A Coruña (37,7 M€), Ferrol (14,4 M€) Ourense (27,3 M€) e Santiago (10,8 M€).
 - 6 novos centros de atención primaria.
 - 10 M€ para a reforma e mellora dos centros de atención primaria xa existentes.
- **Finalización do centro de protonterapia (10 M€).**



EDUCACIÓN (2.972 M€)

Galicia é a única comunidade autónoma onde é **gratuíta** toda a formación educativa, desde os 0 anos ata rematar os estudos universitarios.


A Consellería de Política Social e Igualdade é a encargada da xestión da gratuidade das escolas infantís de entre 0 a 3 anos, mentres que o resto das etapas lle corresponden á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

En Galicia hai **221.863** alumnos e alumnas en:

- Uns **1.100 centros educativos** nos que se imparte Educación infantil, primaria, secundaria, bacharelato, Formación Profesional, Educación de Adultos e Educación Especial.
- Unha trintena de escolas oficiais de idiomas ou de arte e deseño, conservatorios de música, así como outras escolas de música e danza.
- 3 Universidades públicas galegas.


Galicia rexistra unha ratio de 8,9 alumno-a/profesor-a, unha das mellores de España e 2,5 puntos por debaixo da media.

O traballo e investimento realizado nestes anos fai que o alumnado galego destaque nos informes PISA e que Galicia sexa unha das 4 CC.AA. que se sitúan ao nivel dos países con mellores puntuacións de todo o mundo.



Principais novidades 2025

- **Nova facultade de Farmacia en Santiago e de Enxeñería Aeroespacial e do Espazo en Ourense.**
- **Inicio da II fase do Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica (2025/28). Conta cun investimento en 2025 de 117 M€ para a construción e ampliación de case medio cento de centros educativos, entre eles, o novo colexio CEIP do Milladoiro ou os novos institutos IES Domingo Villar de Navia, en Vigo, e o de Pereiro de Aguiar.**



Gasto por alumno/a na universidade:
7.574€, un 14% máis que a media española



Gasto anual por alumno/a na educación pública non universitaria:
8.075€, 1.000€ máis que a media de España




Custo medio anual por alumno/a nos comedores escolares:
931€



Gasto en Educación por concello

	> 6.000.000 €
	≤ 6.000.000 €
	≤ 400.000 €




POLÍTICA SOCIAL (1.415 M€)

As políticas sociais permiten atender a múltiples colectivos:


Persoas en situación de dependencia:

- **77.000 persoas** atendidas en 2024, un 5,4% máis que no exercicio anterior.
- Máis de **16.000 prazas** en **residencias de maiores** sostidas con fondos públicos.
- Máis de **140 casas do maior**.
- **126,7 M€ no Bono Coidado no Fogar**, unha axuda de 5.000€/ano para que poidan ser coidadas na súa propia casa.
- **140 M€ para o Servizo de Axuda no fogar**. O orzamento desta iniciativa para o 2025 case se triplica respecto ao do 2016.



Evolución do gasto en Servizo de Axuda no Fogar

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública



Familia



- **555 escolas infantís**, con 32.000 prazas gratuítas para os nenos e nenas de 0 a 3 anos.
- Máis de **100 casas niño por toda Galicia**.
- **14.800 familias** beneficiáronse do Bono Concilia Familia.
- **30.000** nenas e nenos atendidos a través do Plan Corresponsables.



Persoas en risco de exclusión social

- 37.000 persoas reciben o **complemento autonómico das pensións** non contributivas.
- 5.000 beneficiarios da RISGA cada mes.

Persoas con discapacidade

- 5.800 prazas en **centros de día**.
- **Apoio ás persoas diagnosticadas con ELA** cunha axuda de 12.000€ anuais para sufragar os gastos derivados da enfermidade.



Principais novidades 2025

- **Simplificación procedemento de dependencia** para reducir os prazos, coa posibilidade de solicitar o recoñecemento da discapacidade e a dependencia á vez.
- **Novas residencias públicas autonómicas de atención a persoas maiores** en Pontevedra, A Coruña, Ferrol e Antas de Ulla.
- **Máis recursos de atención a persoas con discapacidade e enfermidade mental**.
- **Posta en marcha dun centro de cuidados intermedios** en Santiago de Compostela.
- **Novo plan de impulso dos Centros de Información á Muller de Galicia (CIM)**.
- **Futura Lei contra a Violencia dixital**.

SECTORES PRODUCTIVOS (1.556 M€)

● Industria

A política industrial da Xunta apoia o desenvolvemento da actividade industrial en Galicia. Para iso, creouse a **Oficina Económica de Galicia**, para facilitar e axilizar a súa implantación.

- Nos 6 primeiros meses de actividade (abril-outubro 2024) recibiu preto de 9.500 consultas, das que un 79% foron resoltas no acto.

Os proxectos industriais precisan de solo no que desenvolverse. No 2024 a Xunta de Galicia puxo a disposición de novos proxectos empresariais máis de 500.000m² de solo industrial de titularidade autonómica a **custo 0 durante os primeiros 8 anos**.

- Ademais, no 2025 destinaranse máis de **33 M€** para a execución de actuacións en 25 parques empresariais.

Por outra banda, a través do Igape apóiase ás empresas na súa mellora na innovación tecnolóxica e competitividade empresarial.

Dentro dos sectores industriais, prestamos especial atención aos sectores de **automoción, agroalimentario e á cadea mar-industria**.



Sector automoción. Galicia é o principal produtor de vehículos en España. No ano 2024 producíronse 516.000 unidades, o 21,8% do total producido no noso país.

Para impulsar a transición ecolóxica e dixital de todo o ecosistema da automoción, a Xunta de Galicia destinará 230 M€ ata o ano 2027, sendo a primeira comunidade autónoma en aprobar un paquete de medidas específicas para este sector.

Sector agroalimentario, no que Galicia é un referente en España, representando o 34% do valor de produción do sector cárnico ou o 42% da leite producida. Preto de **100 M€** para impulsar a súa modernización e diversificación.

A Galicia de 2025 navega no **mar** da competitividade e da sostibilidade, garantindo a explotación sostible dos recursos e a súa comercialización:

- 18 M€ para apostar polo cultivo do mexillón e piscicultura.
- 20 M€ para a comercialización de produtos do mar.
- 20 M€ para a dinamización das zonas costeiras.



● I+D+i

A Galicia do futuro, innovadora e competitiva, debe basearse na economía do coñecemento. Por iso, a I+D+i é un ámbito de actuación prioritario para o Goberno galego e esta aposta tradúcese nun incremento no orzamento para estas actuacións ano tras ano.



- No 2025 dedicamos **372 M€**, un 12% máis que no 2024, e practicamente o dobre que o consignado en 2020.


Galicia conta cun dos ordenadores cuánticos máis potentes do sur de Europa. Albergado no Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) permite a investigadores e

empresas resolver problemas dunha forma máis rápida e eficiente.

- En 2025 iniciarase a construción do novo CESGA, un centro con máis capacidade que albergará novas estruturas de supercomputación para que **Galicia estea á vangarda de Europa**.

Evolución de gasto en I+D+i sobre gasto non financeiro

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública



● Enerxía

Reafirmamos o noso compromiso co aproveitamento e co impulso das enerxías renovables: fotovoltaica, térmica, hidráulica, eólica... e unha planificación enerxética vinculada ao desenvolvemento industrial de Galicia.

- A sociedade **Recursos de Galicia**, sociedade público privada pioneira en España, persegue que o desenvolvemento enerxético sexa equitativo e redunde no progreso de Galicia e no seu tecido económico.

No 2024 a Xunta de Galicia, a través do INEGA, concedeu **107 M€** a máis de 31.500 beneficiarios para apoialos na súa transición enerxética.

Preto de 28.000 familias beneficiadas de apoios para a mellora da eficiencia enerxética dos seus fogares.

● Internacionalización

O crecemento das empresas vén da man da internacionalización, este ano cun investimento de 18,3 M€, o que supón un incremento do 32% respecto ao ano 2024.

- Galicia acada cada ano novos records de exportacións. No 2023 superou os 30.000 M€ vendidos ao estranxeiro. No 2024 manteremos esta tendencia.

● Comercio

Galicia é a **5ª Comunidad Autónoma** en número de establecementos polo miúdo. Conta con 24.000 comercios que xeran 107.000 postos de traballo e que supoñen un elemento dinamizador das vilas e cidades. Por iso, neste 2025 vaise aprobar o **Plan Estratéxico do Comercio de Galicia 2025-2030**.

● Turismo

Este sector, que representa o **10% do PIB** e xera uns 130.000 postos de traballo, ten nos 8 Camiños de Santiago un dos seus referentes.

- Máis de 6 M€/ano para a conservación, mantemento e sinalización destes Camiños que suman máis de 1.300Km.
- Ata o 30 de novembro 496.000 peregrinos conseguiron a Compostela.

A Estratexia Turismo de Galicia aposta pola sostibilidade, a diversificación e a desestacionalización do turismo en Galicia.



Principais novidades 2025

- Reforzo dos apoios aos sectores produtivos.
- Novo instrumento de apoio financeiro para o desenvolvemento de proxectos de investimento.
- Plan Estratéxico de Comercio de Galicia 2025-2030.
- Novas instalacións para o Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA).

EMPREGO E EMIGRACIÓN (470 M€)

Apostamos pola formación para mellorar a empregabilidade dos galegos e galegas. Para iso:

- No 2023 desenvolvemos máis de 4.000 accións formativas nas que participaron máis de 70.000 alumnos e alumnas.

Este ano, a Xunta destina **432 M€** ao fomento e mellora do emprego e á formación de persoas desempregadas.


A FP estase a consolidar como un itinerario cada vez máis demandado para entrar no mercado laboral. Para seguir avanzando neste camiño, no 2025 destinamos **14,3 M€**.

● Autónomos

Para 2025 destinaranse máis de **50 M€** para o colectivo de traballadoras e traballadores por conta propia co fin de seguir apoiando o inicio da súa actividade, a consolidación dos negocios e a conciliación, **dos cales 40,6 M€ convocaranse por vez primeira nunha única ferramenta de xestión que persegue a simplificación administrativa** e a redución da carga burocrática xunto coa mellora da percepción social sobre a administración autonómica e do seu apoio ás persoas autónomas.

Tamén apoiamos a posta en marcha de iniciativas empresariais de **retornados emprendedores**: ata agora, máis de 800 proxectos apoiados.

Todo elo no marco da **Axenda Impulso Autónomo Horizonte 2027**, que contará con máis de 360 M€ de orzamento global para fortalecer o ecosistema competitivo do traballo por conta propia e potenciar a calidade de novos proxectos ata 2027.



CERTIFICADO PROFESIONAL

Custo medio dunha acción formativa para a obtención dun certificado profesional:

3.798,24 €

COMPETENCIAS CLAVE

Custo medio dunha acción formativa de competencias clave:

1.160,67 €

PROGRAMA FORMATIVO

Un programa formativo de 12 meses ten un custo de 2.200€/persoa cunha inserción laboral do 40%

2.200 €/persoa

EMIGRACIÓN E RETORNO (24 M€)



- Impulso da **Oficina Integral de Asesoramento e Seguimento** do retorno, que ten sedes nas 4 provincias galegas, ademais dunha oficina móbil que se despraza por toda Galicia: Máis de 100.000 consultas atendidas desde 2020.
- Máis de 5.500 familias retornadas apoiadas no momento da súa chegada.


INFRAESTRUTURAS, VIVENDA E MOBILIDADE (672 M€)

● Infraestruturas

68 M€ para o mantemento de 5.515 Km de estradas de titularidade autonómica. A Axencia Galega de Infraestruturas é a encargada da planificación e execución das obras das

distintas consellerías da Xunta. Actualmente ten **obras en execución por 434 M€.**

95 M€ para darlle un pulo as autovías Tui-A Guarda, Santiago a Estrada, Brión-Noia, Nadelá-Sarria.



● Vivenda

A Xunta de Galicia, por medio do Instituto Galego da Vivenda e Solo, desenvolve a estratexia de vivenda pública e solo residencial co obxectivo de **duplicar** na lexislatura o **parque de vivenda pública** acadando as 8.000 vivendas. Máis de 1.600 xa están en execución, mentres que outras 15.000 están licitadas como proxectos de interese.

Por outra banda, o IGVS está a desenvolver a Estratexia de Solo Residencial de Galicia, que facilitará a construción, no futuro, de 25.000 vivendas, 20.000 vivendas protexidas e 5.000 vivendas libres.

- Constitución da Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A.

- **121 M€** para a construción de vivendas de promoción pública e desenvolvemento de solo residencial, triplicando o orzamento de anos anteriores.


- **62 M€** á rehabilitación das vivendas xa existentes.

- **31 M€** en axudas ao aluguer, e preto de 4 millóns de euros para axudas á adquisición de vivenda.

A XUNTA FINANCIA O 79% DO CUSTO DO SERVIZO DE TRANSPORTE AOS CIDADÁNS

O custo medio dunha viaxe é de
3,39€

DOS QUE O CIDADÁN SÓ PAGA 0,72 €



● Mobilidade

- A Xunta de Galicia xestiona 3.596 liñas de autobús interurbano, con 58.285 paradas.


- Máis de 190.000 tarxetas emitidas a menores de 21 anos que permitiron preto de 7 millóns de viaxes bonificadas.

- Máis de 150.000 tarxetas emitidas a maiores de 65 anos, 3,1 millóns de viaxes bonificadas.

- Galicia conta con 7 estacións intermodais: Santiago, Ourense, Vigo e Pontevedra en funcionamento, Lugo e A Coruña en obras e Ferrol en proxecto.

MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (520 M€)

- Nova planta de tratamento de residuos téxtiles.
- Loita contra o quentamento global con medidas como o desenvolvemento de **pulmóns verdes** nas cidades para paliar a emisión dos gases invernadoiro.
- Desenvolvemento efectivo da lei de Ordenación e Xestión do Litoral.
- Loita contra o lume
 - **7.000 efectivos** na época de alto risco de incendios.
 - **380 motobombas** e unha trintena de medios aéreos.



A MOBILIZACIÓN DUN MEDIO AÉREO NA EXTINCIÓN DUN INCENDIO FORESTAL

Ten un custo de


6.000 €/h

ENTIDADES LOCAIS (194 M€)

- Este importe canalízase a través do **Fondo de Cooperación Local**, que no 2025 incrementouse en 10 M€ respecto ao 2024 dedicando este aumento integramente aos concellos de menos de 15.000 habitantes, que son os que presentan maiores dificultades para o seu financiamento.
- A esta cantidade hai que engadirle as convocatorias de


axuda e os convenios das distintas Consellerías para o financiamento de diferentes actuacións: eficiencia enerxética, deportes, cultura, etc.

- Con estas partidas, as aportacións a concellos aumentan ata os **640 M€**.
- En 2024 o 96% dos concellos que solicitaron axuda á Xunta tiveron unha achega, que chegou a un montante total de 32 M€.



XUSTIZA (193 M€)

- 3.036 persoas empregadas na administración de Xustiza.
- 302 órganos xudiciais en funcionamento.
- Asistencia xurídica gratuíta financiada en 2025 con 15,4 M€ (61.118 prestacións no 2024).
- Remate das obras dos novos xulgados na Estrada e a remodelación dos de Vilagarcía de Arousa e A Parda.




CULTURA, LINGUA, DEPORTES E XUVENTUDE (188 M€)



- 2 M€ para unha nova axuda pioneira a nivel nacional para sufragar os gastos da emancipación (o Bono emancípate).

- 4 M€ para a normalización lingüística e a promoción do galego.

- 5 M€ para impulsar o desenvolvemento de proxectos audiovisuais en galego.



● Deportes

- 14 M€ para a **mellora de instalacións** xa existentes.

- **Apoio aos 1.456 deportistas galegos** de alto nivel.


- **Seguro gratuito** para os nenos e nenas entre 6 e 16 anos para **fomentar o deporte entre a rapazada.**

- **Patrocinio** de máis de 250 equipos de alta competición.



ORZAMENTO TERRITORIALIZADO

A Galicia do futuro ten un territorio máis cohesionado e con maiores oportunidades, impulsando accións que contribúan ao reequilibrio territorial. Por iso, as provincias do interior contan cun maior gasto por habitante:



93%
TERRITORIALIZADO

PROVINCIAS	GASTOS NON FINANCEIROS (EXCLUÍDO CAPÍTULO 3)
A CORUÑA	4.999 M€
LUGO	1.892 M€
OURENSE	1.749 M€
PONTEVEDRA	4.077 M€


5.

**SALDO FISCAL E
ENDEBEDAMENTO**

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO


A Xunta de Galicia exerce o seu autogoberno de xeito responsable e garantindo a sostibilidade das finanzas públicas. Por iso, e aínda que tivo que recorrer ao déficit nos anos de maior escaseza de recursos pola crise financeira, as súas finanzas axústanse aos obxectivos fixados no Consello de Política Fiscal e Financeira.

Dende os anos da pandemia a mellora da situación financeira permite recuperar unha senda de equilibrio e mesmo rematar con superávit no ano 2024.



Liquidación dos orzamentos

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública




ENDEBEDAMENTO

A débeda pública son os cartos que a Comunidade Autónoma pide a préstamo para cadrar as contas.

As Administracións Públicas, a diferenza das familias, poden pagar as súas débedas emitindo nova débeda, e así non restar recursos ás políticas de gastos.

No 2025 Galicia, por segundo ano consecutivo, non vai a recorrer á débeda, evitando así que as futuras xeracións teñan que asumir o custo de infraestruturas adquiridas na actualidade.

As necesidades financeiras para este ano ascenden a **1.634 M€**, cantidade que coincide coas




amortizacións de débeda que se realizarán neste exercicio.

A peche de 2024 o 85% do total de débeda era a tipo fixo e o 15% a tipo variable. O custo medio da carteira de débeda viva a peche de 2024 sitúase no 1,55%, mentres que a do Goberno Central era do **2,21%**.

Amortizacións e novas emisións 2024 e 2025

Expresado en M€



No 2025 Galicia non vai a recorrer a nova débeda, evitando así que as futuras xeracións teñan que asumila


A débeda pública galega

O Goberno galego mantén unha política de contención no recurso da débeda. Isto nos vai permitir no 2028 ter unha ratio débeda/PIB do **13%** sen ter que realizar ningún esforzo nas políticas de gasto, e **cumprindo coas previsións nacionais para o Pacto de Estabilidade e Crecemento Europeo**.

Débeda pública de Galicia. Peso sobre o PIB

2020-2028

% sobre PIB



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Este rigor orzamentario permítenos ser:

- A comunidade autónoma que menos incrementou porcentualmente a súa débeda desde o ano 2008.
- A cuarta comunidade autónoma que menos recursos ten que destinar ao pago de xuros, a pesar da suba dos tipos.
- Unha comunidade autónoma coas contas en equilibrio.
- Unha das CC.AA. cun tratamento fiscal máis favorable para as rendas medias e baixas.

**O Goberno galego mantén
unha política de contención no
recurso da débeda**

Por qué é importante controlar a débeda pública?


Porque un endebedamento excesivo:

- Reduce os fondos dispoñibles a dedicar aos servizos públicos para destinalos ao pago de xuros.
- Limita a capacidade de resposta para aplicar políticas de choque en momentos de emerxencia.
- Limita o acceso ao financiamento para novas necesidades.
- Obriga a facer axustes de gasto para cumprir coas regras fiscais marcadas por Europa.
- Traslada a carga de financiar investimentos actuais a xeracións futuras.

**Ata o mes de outubro
pagáronse 4.405 M€
a 15.691 provedores**

Ratio débeda/PIB para Galicia e o total das CC.AA. entre 2013 e 2023

Fonte: Banco de España



O diferencial entre a débeda per cápita galega e a do conxunto de comunidades autónomas foise ampliando sistematicamente nos últimos 15 anos. Deste xeito, en 2023 a débeda per cápita de Galicia é 2.215 euros menor que a do conxunto de comunidades autónomas.


A débeda pública de Galicia tan só representa o 3,7% do total das comunidades autónomas, unha cota moi inferior ao seu peso poboacional (5,56%) ou no PIB nacional (5,2%).

Este comportamento responsable na xestión do endebedamento situou a Galicia como a comunidade autónoma que, en termos porcentuais, tivo un menor incremento da débeda no período 2008-2023, evitando na última década a emisión de máis de 4.500 M€ de débeda pública.

O período medio de pago de Galicia entre decembro de 2023 e novembro de 2024 foi de **16,8 días**, 9 días menos que a Administración Central, e practicamente a metade da media das CC.AA. (31,3 días).

Pagar con axilidade aos provedores permite dinamizar a economía galega

Débeda per cápita 2024



Galicia
4.496€

Total CC.AA.
6.711€

6.


PEG 2030

PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA - PEG 2030

Unha xestión orientada a resultados implica que o orzamento anual **esteá aliñado** coa **planificación estratéxica**, que permite establecer as metas que se queren acadar a medio prazo, e o **camiño para facelo**.

O PEG 2030 é o **terceiro plan estratéxico** de Galicia e continúa a senda da xestión pública orientada a resultados. Para a súa elaboración a Xunta contou coas achegas da sociedade civil (Universidade, axentes sociais, Administración local, etc.), e coa aprobación do Parlamento de Galicia.

O Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 (PEG 2030) recolle as liñas de actuación para acadar as metas identificadas, mentres que o Orzamento de cada ano recolle os proxectos concretos dentro desas liñas de actuación, adaptados ás necesidades e recursos dese ano



METAS DO PEG 2030

**01**

Acadar a **converxencia con España** en termos de renda bruta dispoñible e superar o 90% do PIB per cápita da Unión Europea.

02

En emprego, **augmentar un 10%** a taxa de **ocupación**; rebaixar a **taxa de paro** ata o **8%**; reducir á metade o desemprego xuvenil e diminuír 6 puntos a temporalidade.

03


En saúde e calidade de vida, aumentar de **18 a 23 os anos** de vida saudable ao chegar aos 65 anos.

04

No eido educativo, consolidar o sistema galego entre os mellores de España, reducindo noutros 5 puntos, **ata o 6,5%, a taxa de abandono escolar temperá**, e mellorar o rendemento do alumnado medido por PISA.

05

Reducir as emisións de efecto invernadoiro ata o **55%** respecto a 1990.



06

Aumentar o **peso das enerxías renovables** ata acadar o 58% no consumo total e que en 2030 o 85% da enerxía eléctrica proceda de fontes renovables.

07

Incrementar as **exportacións**, aumentando a base de empresas exportadoras, ata o 45% do PIB, 10 puntos máis que na actualidade, e **ampliar o tamaño medio** das empresas nun 15%.

08

Duplicar o **gasto en I+D+i** ata aproximalo ao 2% do PIB.

09

Diminuír a taxa de risco de **pobreza e exclusión social** ata o **14%**, para reducir en **150.000** o número de persoas en situación de pobreza.

10

Eliminar as fendas de xénero, cunha equiparación das taxas de ocupación feminina e masculina.



O ORZAMENTO EN CLAVE DE PEG

O PEG2030 consta de cinco eixes, que se concretan en 21 prioridades de actuación, que á súa vez se desenvolven en 70 obxectivos estratéxicos. A continuación recóllese como se distribúe o orzamento de 2025 nestas 21 prioridades de actuación.

Eixe	Orzamento 22-24	Prioridades de actuación e dotación no Orzamento 2025	TOTAL
1 O RETO DEMOGRÁFICO 6.448 M€	17.300 M€	EMPREGO 446 M€	23.748 M€
		BENESTAR 285 M€	
		VIVENDA 223 M€	SANIDADE 5.494 M€
2 GALICIA VERDE E SOSTIBLE 617 M€	1.564 M€	ECONOMÍA BAIXA EN CARBONO 120 M€	2.181 M€
		MOBILIDADE SUSTENTABLE 96 M€	
		EMERXENCIAS E CAMBIO CLIMÁTICO 262 M€	CRECEMENTO SOSTIBLE 139 M€
3 COMPETITIVIDADE E CRECEMENTO 1.818 M€	5.192 M€	INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN 285 M€	7.010 M€
		TRANSFORMACIÓN DIXITAL 191 M€	
		COMPETITIVIDADE PEMES 281 M€	
		INFRAESTRUTURAS 260 M€	SECTOR PRIMARIO 664 M€
			TURISMO 137 M€

Eixe	Orzamento 22-24	Prioridades de actuación e dotación no Orzamento 2025	TOTAL
------	-----------------	---	-------



7.

**DOCUMENTACIÓN
E DATOS DO
DESEMPEÑO
FINANCEIRO E FISCAL**

DOCUMENTACIÓN E DATOS DO DESEMPEÑO FINANCEIRO E FISCAL



ORZAMENTO INICIAL

- **Orde de elaboración de orzamentos**

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240618/AnuncioG0597-170624-0002_es.html

- **Páxina web do orzamento**

<https://orzamentos.xunta.gal/>

EXECUCIÓN

- **Execución trimestral dos orzamentos**

(<https://www.conselleriadefacenda.gal/areas-tematicas/economico-financeira-e-contable/execucion-trimestral-dos-orzamentos>)

LIQUIDACIÓN

- **Conta xeral**

(<https://www.conselleriadefacenda.gal/areas-tematicas/economico-financeira-e-contable/conta-xeral>)

- **Cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, débeda pública e regra de gasto**

<https://www.hacienda.gob.es/es-ES/CDI/Paginas/EstabilidadPresupuestaria/InformesCompletosLEP.aspx>



XUNTA
DE GALICIA